

XV FEIRA DO CABALO DE ADAI ► O CORGO

# Adai, un reduto da andadura cabalar

**NOVIDADES CON ATRACTIVO.** A Feira do Cabalo celebra por primeira vez unha carreira nas modalidades de serrada e chapeada. A proba é puntuable para a liga galaico-portuguesa

**DIÁLOGOS COMUNICACIÓN**

A parroquia de Adai é esta fin de semana o principal foco de interese dos afeccionados á gandeiría e ó mundo equino. O recinto feiral vive hoxe unha das grandes citas do ano dedicadas ó vacún como é o Concurso e a Poxa nacionais de Raza Rubia Galega, e case sen tregua, acollerá mañá unha nova edición, a décimo quinta, da xa consolidada Feira do Cabalo de Adai.

A grande novidade deste ano é a celebración da primeira Carreira Internacional de Cabalos de Andadura.

Segundo explican os expertos, a pesar de que a andadura foi moi utilizada en todo o territorio español, na actualidade Galicia é o único reduto onde aínda se entrena e se practica esta monta. Na proba que terá lugar mañá no circuíto acondicionado moi preto do recinto feiral haberá diferentes carreiras, xa que competirán cabalos do país e cruzados de trotón.

Os xinetes medirán a súa habilidade sobre o cabalo nas categorías de serrada e chapeada. A primeira delas é un tipo de andadura en dous tempos, cun son de dous golpes no chan; mentres, na chapeada ou andadura de catro tempos, o cabalo desplázase nos bípedos laterais, realizando así un son aínda máis característico.

O alcalde do Corgo, José Antonio Ferreiro, fala da importancia de incluír novidades no programa para manter o atractivo da cita. Por tanto, explica, «este ano tratamos de introducir algunha cousa nova, porque a doma xa se fixera en moitas edicións. Dende a Asociación de Cabaleiros propuxeron a carreira de andadura e a todos nos pareceu

que podía ser un atractivo importante». O mérito da organización é tamén manter aquelas actividades de éxito garantido, de aí que o rodeo chegue á súa terceira edición.

Tamén haberá novidades no que atinxe ós premios, xa que tal e como explica o alcalde «posiblemente incrementemos a partida adicada ás distincións porque este ano hai novas probas como a de andadura e diferentes categorías».

## O rodeo

**ESTA ACTIVIDADE ACADA A SÚA TERCEIRA EDICIÓN, MANTENDO TODO O SEU ATRACTIVO**

Para que Adai sexa mañá o referente do mundo equino na provincia fará falla que dende hoxe pola tarde comencen os preparativos. Neste senso, José Antonio Ferreiro explica que «sen a axuda dos integrantes da Asociación de Cabaleiros non sería posible ter todo a punto, máis aínda despois da celebración (por hoxe) do certame gandeiro».

Dende esta mesma tarde persoal do Concello e asociados do citado colectivo comezarán coa montaxe da infraestrutura para acoller a Feira do Cabalo, unha cita que, segundo o alcalde, serve ademais para «promocionar e dinamizar o municipio do Corgo».




A organización espera a participación de máis de mil xinetes. ADC

# XV FEIRA DO CABALO DE ADAI

## O CORGO - LUGO

### 20 DE XUÑO DE 2010

- 9:00 h. - Apertura do recinto feiral - Inscripcións
- Os xinetes que veñan montados a cabalo poderán escoller entre un vale para unha comida e unha mantilla cabalar.
- Inscripción dos participantes ao III Rodeo.
- 10:00 h. - I Carreira Internacional de cabalos de andadura en Adai. Inscripción nas diferentes categorías.
- 11:30 h. - I Carreira Internacional de andadura (1ª parte)
- Carreira de andadura de cabalos de país: serrada/chapeada.
- 12:30 h. - Carreira de andadura de cabalos cruzados de trotón: serrada/chapeada.
- 14:00 h. - Xantar.
- 16:00 h. - III Rodeo de Adai.
- 17:00 h. - Entrega de premios dos galardoados do Rodeo.
- 17:30 h. - Sorteo dun petro entre os cabaleiros inscritos.
- 18:00 h. - Carreira de andadura de trotón (2ª parte)
- 19:00 h. - Entrega de premios para os galardoados da carreira de andadura, nas diferentes categorías.



TODA A XORNADA ESTARÁ AMENIZADA POLA CHARANGA: "OS CHARANGOS DE NEDA"



Adai será mañá un referente do mundo equino na provincia. ADC

**Asociación Lucense de Esclerosis Múltiple**  
 Nuestra única vía eres tú  
 982 202 942

**SERVETEQ**  
 Servicios Veterinarios Equinos  
 www.serveteq.es serveteq@serveteq.es  
 O Abeledo - Laxes - Camposo - 27163 - O Corgo - Lugo 686 948 488 - 688 880 764